



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais

R.P. 42558 do 9 de novembro de 2023 - Aprobación das bases do III Premio de “Boas Prácticas en Servizos Sociais” da Deputación Provincial da Coruña, ano 2023

III PREMIO DE “BOAS PRÁCTICAS EN SERVIZOS SOCIAIS” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, ANO 2023

BASES

1.- OBXECTO

O Premio de “Boas Prácticas en Servizos Sociais” da Deputación da Coruña, busca recoñecer e premiar o traballo realizado por entidades sen ánimo de lucro do ámbito dos servizos sociais que desenvolvan a súa actividade na provincia da Coruña e que a xuízo desta administración destaquen polo seu labor en defensa dos dereitos da cidadanía e a favor dos grupos máis vulnerables, promovendo un maior benestar social das persoas, grupos e comunidades.

As entidades participantes deberán de desenvolver a súa actividade nalgunha das seguintes áreas:

- a) Área de **familia, infancia e mocidade**.
- b) Área de **persoas con diversidade funcional**.
- c) Área de **persoas maiores**.
- d) Área de **minorías étnicas e inmigración**.
- e) Área de **drogodependencias e outros trastornos aditivos**.
- f) Área de **persoas en situación ou risco de exclusión social**.

Os proxectos presentados deben ser orixinais, non podendo participar os proxectos xa premiados en edicións anteriores do premio ou en calquera convocatoria de similar natureza.

As entidades participantes deben estar rexistradas como entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia, estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non estar incursoas en causas de prohibición, incapacidade ou incompatibilidade establecidas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Os proxectos, que deberán desenvolverse no ámbito territorial da provincia da Coruña, poderán estar finalizados ou en vías de execución dentro do prazo de resolución da convocatoria.

As candidaturas presentadas deberán estar ben identificadas, indicando o seu nome. Non se valorará a actividade xeral da entidade, agás no caso do premio á traxectoria da entidade.

Exclúense desta convocatoria todos aqueles proxectos que teñan por finalidade a atención sanitaria e a cooperación internacional por non ser estes competencia en materia de servizos sociais.

2.- PREMIOS.

Establécense catro premios, dotados con 10.000 € cada un deles, para cada unha das seguintes modalidades:

- PROXECTOS: Concederanse tres premios en metálico de 10.000 euros cada un, aos mellores proxectos, xunto coa entrega dunha distinción simbólica e un recoñecemento público.
- TRAXECTORIA: Concederase un premio de 10.000 euros á traxectoria dunha entidade que destaque pola súa implicación en prol da mellora da vida das persoas.

O premio poderá quedar deserto e o xurado poderá facer unha mención honorífica a algunha candidatura pola súa calidade técnica ou impacto social.

Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle foren aplicables.

A Deputación resérvase o dereito de modificar as condicións do premio en calquera momento, incluso pode chegar a anulalo ou deixalo sen efecto sempre que concorra causa xustificada, en todo caso comprométese a comunicalo pola mesma vía.

A entrega dos premios organizaraa a Deputación Provincial da Coruña e consistirá nun acto público no que se convidará a todas as entidades participantes e onde se fará entrega de todas as distincións ás entidades premiadas

3.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

As entidades deberán de optar entre presentar unha candidatura para a modalidade de proxectos ou unha candidatura para a modalidade de traxectoria.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste programa no BOP da Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática quen presente a candidatura deberá:

* Dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

* Dispoñer de certificado dixital.

A solicitude e toda a documentación virá asinada pola persoa que presenta a candidatura.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar a integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

4.- DOCUMENTACIÓN QUE SE HA PRESENTAR

Aquelas entidades interesadas deberán presentar, dentro do prazo establecido, a documentación seguinte:

Documentación xeral:

- a) Aceptación dos compromisos da convocatoria.
- b) Autorización para publicar a información do proxecto na páxina web, na Galería de experiencias de benestar co obxecto de dar a coñecer o labor en defensa da cidadanía e a favor dos grupos máis vulnerables.
- c) Certificación da AEAT conforme están exentos ou no de tributar no Imposto de Sociedades.

Documentación específica para as candidaturas da modalidade de proxectos:

- a) Memoria técnica (segundo o modelo fornecido pola Deputación). Presentarase en formato A-4, espazo interlineal sinxelo, na letra Arial 10, cunha extensión máxima de 10 páxinas e en soporte informático. No caso de que se excedan as 10 páxinas, as adicionais non se terán en conta para a valoración. As fotografías e gráficos que poden engadirse, de ser o caso, terán un formato JPG, 150 ppp. Poderán incluírse ligazóns a documentos e/ou recursos propios do programa. Estruturarase nos seguintes apartados:
 1. Nome da entidade; NIF
 2. Nome representante, NIF
 3. Presentación da entidade.
 4. Antecedentes.
 5. Ámbito territorial de actuación.
 4. Áreas de actuación.
 5. Diagnóstico previo: necesidades detectadas, obxectivos que se han conseguir.
 6. Descrición do proxecto: descrición dos servizos ou procesos, metodoloxía e actividades desenvoltas, persoas usuarias (número e perfil), recursos humanos, materiais e económicos, plan de difusión, coordinación interna e externa e calendario de realización.
 7. Medidas en materia de responsabilidade social: medidas en materia de igualdade de xénero, accesibilidade, sustentabilidade medioambiental e outras que leve a cabo a entidade.

8. Resultados: procedemento, ferramentas e instrumentos de avaliación, melloras acadadas e indicadores empregados, resultados medidos, tendencias e medida da satisfacción das persoas usuarias.
9. Innovación e adaptabilidade: describir o carácter innovador do proxecto, destacando a capacidade de transmitibilidade a outras organizacións e/ou territorios.
10. Participación social e mellora das condicións de vida: explicar brevemente en que medida o programa fomenta a participación das persoas usuarias e a mellora das súas condicións de vida.
11. Outros datos para a valoración: destacar aqueles datos, propostas de mellora e/ou medidas salientables para a súa candidatura.

Documentación específica para as candidaturas da modalidade á traxectoria:

a) Memoria técnica da traxectoria da entidade desde a súa creación (segundo o modelo fornecido pola Deputación). Presentarase en formato A-4, espazo interlineal sinxelo, na letra "Arial" 10, cunha extensión máxima de 10 páxinas e en soporte informático. No caso de que se excedan as 10 páxinas, as adicionais non se terán en conta para a valoración. As fotografías e gráficos que poden engadirse, de ser o caso, terán un formato JPG, 150 ppp. Poderán incluírse ligazóns a documentos e/ou recursos propios do programa. Estruturarase nos seguintes apartados:

1. Nome da entidade; NIF
6. Nome representante, NIF
7. Presentación da entidade.
8. Antecedentes.
9. Ámbito territorial de actuación.
10. Áreas de actuación.
11. Traxectoria.
12. Impacto social.

5.- COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará presidido pola deputada de Política Social, Educación e Mocidade, e formará parte del, persoal do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e un/unha representante de cada un dos grupos políticos que forman parte da corporación.

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en que delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no capítulo I, artigo 5.2d) do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación (www.dacoru-na.gal), co fin de que se poida promover, se é o caso, a recusación dos seus membros.

6.- ACTUACIÓNS DO XURADO

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art. 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

O xurado poderá solicitarlles ás entidades participantes, as aclaracións que considere necesarias para a avaliación das candidaturas.

O xurado presentará a súa proposta á Presidencia da Deputación, que é o órgano competente para conceder o premio.

A decisión do xurado será inapelable e será dada a coñecer na páxina web da Deputación.

7.- VALORACIÓN DAS CANDIDATURAS

Os criterios de valoración que o xurado terá en conta para outorgar os premios basearanse principalmente na posta en marcha de accións innovadoras e boas prácticas en intervención social, con capacidade de transformación na sociedade.

Para os efectos desta convocatoria enténdese como “Boas prácticas”, aquelas consistentes nun “conxunto” de actuacións programadas”, experiencias, programas ou proxectos executados, a través dos cales mellora a calidade dos servizos prestados e / ou a resolución dun problema ou necesidade detectada.

A valoración das candidaturas constará de dúas fases:

Primeira fase: realizarase unha valoración técnica por parte do persoal da Sección de Servizos Sociais en función dos seguintes criterios:

CRITERIOS DE VALORACIÓN DA MODALIDADE DE PROXECTOS

Polo **ámbito territorial** de impacto do traballo ou experiencia. Ata 10 puntos.

Pola **coordinación para a execución do proxecto** (ser o resultado dun traballo conxunto entre os diferentes sectores que actúan nun territorio: a administración, a cidadanía e a iniciativa social). Ata 10 puntos.

Pola **creatividade e innovación na intervención social** (terase en conta entre outras características a incorporación das TIC no desenvolvemento do programa). Ata 10 puntos.

Pola incorporación de **novas metodoloxías de acción e / ou investigación**. Ata 10 puntos.

Pola **capacidade de aplicabilidade e adaptabilidade** (que o programa se poida extrapolar e aplicar na intervención social noutras realidades, territorios ou comunidades). Ata 10 puntos.

Polo **fomento da autonomía persoal das persoas usuarias** e o seu empoderamento. Ata 10 puntos.

Polo **fomento de medidas en materia de responsabilidade social corporativa** (integración da perspectiva de xénero, accesibilidade universal, sustentabilidade medioambiental, e outras medidas). Ata 10 puntos.

Polo **plan de avaliación e difusión do proxecto**. Ata 10 puntos.

Pola **calidade técnica do proxecto** (coherencia xeral, propostas de mellora, etc.). Ata 20 puntos.

TOTAL VALORACIÓN ATA 100 PUNTOS

Segunda fase: as candidaturas que acaden unha puntuación mínima de 60 puntos pasarán á consideración do xurado, que fará a proposta de adxudicación dos premios.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DA MODALIDADE Á TRAXECTORIA

O premio a traxectoria dunha entidade será por proposta do xurado de entre todas as candidaturas presentadas. O xurado terá en conta:

TRAXECTORIA. Tarefa continuada desenvolvida ao longo do tempo en favor da promoción social das persoas e colectivos usuarios dos servizos sociais.

IMPACTO SOCIAL. Contribución coas súas actividades, propostas e traxectoria á mellora da calidade de vida das persoas en risco de exclusión social.

O xurado poderá valorar outros méritos, que dará a coñecer, das entidades que se propoñan.

8.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

9.- PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña, e o encargado será a empresa contratada pola Deputación provincial para coordinar o premio, no caso de se contratar.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante lle outorga á Deputación provincial coa súa firma. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao premio por imposibilidade de tramitación da solicitude.

O destinatario dos datos é a Deputación provincial que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación da convocatoria. As persoas que participen na convocatoria teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a súa portabilidade en calquera momento. Para exercer estes dereitos ante a Deputación Provincial da Coruña, deberá facerse mediante solicitude no Rexistro, cuxo enderezo é Avenida Porto da Coruña, número 2 - 15003 A Coruña ou ben tramitar a citada solicitude a través da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

ción, se dispón do certificado dixital oportuno (https://sede.dacoruna.gal/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/EjercicioDerechosLOPD_N), onde atopará tamén o modelo de solicitude para a súa presentación presencial.

Máis información en: https://sede.dacoruna.gal/opencms/es/sobrelasede/proteccion_datos/

Para calquera dúbida ou aclaración deberá contactar coa Deputación da Coruña a través do delegado de protección de datos no seguinte enderezo electrónico: delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

A Coruña, 10 de novembro de 2023

O presidente

A secretaria xeral

Valentín González Formoso

Amparo Taboada Gil

2023/8981